

cociña  
de debuxos

taller  
de grafismo



MENÚ  
DE  
NADAL



## UNHA EXQUISITA CEA PARA FESTEXAR

SEGUINDO A COCIÑA DE DEBUXOS  
DE HERVÉ TULLET,  
IMOS PREPARAR UN MENÚ DE  
NADAL!



COLLEDE OS PRATOS,  
PREPARADE OS ÚTILES DE ARTE,  
IMOS COMEZAR!



### SOPA DE ESTRELAS: RECEITA\*

#### 1. ESTRELAS

AS ESTRELAS NON PODEN FALTAR,\*  
REPÁRTEAS BEN POLO PRATO,  
NON AS POÑAS TODAS XUNTAS,  
E SABOREA CADA BOCADO!

#### 2. CARACOIS DE MAR

ESTA SOPA TAMÉN VAI LEVAR  
UNS CARACOIS DE MAR!  
PERO NIN AZUIS, NIN AMARELOS:  
VERMELLO A RODAR!

#### 3. VEXETAIS

UNHA CENORIA EN ANACOS,  
FINOS E REDONDEADOS.  
UNS POUCOS CHÍCHAROS VERDES,  
E A VER SE NON TE PERDES!

#### 4. MARISCOS

E SE GUSTAS DOS MARISCOS,  
UNS POUCOS LAGOSTINOS!  
E XA QUE ESTAMOS DE FESTA, O BROCHE FINAL  
NON ESQUEZAS ADOBAR  
CUN CONDIMENTO ESPECIAL!